

**Acta núm. 10/2024.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 28 de maio de 2024.**

ASISTENTES:

José Antonio Vidal González.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.
Non asiste: Carlos Noya Pereira.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14.00 horas do 28 de maio de 2024, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2024, DO 14/05/2024.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 6º) VADOS PERMANENTES.
- 7º) RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE.
- 8º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 09/2024, DO 14/05/2024.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 14.05.2024, acta núm. 09/2024, coa seguinte corrección de erros: No punto terceiro apartado a), parágrafo segundo, **onde di:** Ramón Agrafojo Figueira, **debe dicir:** Ramón Figueira Agrafojo.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Octopus Energy Services España, S.L., que di actuar en representación de MARÍA RUTH CUNDINS NAYA, na que comunica que vai instalar 12 módulos de placas solares para autoconsumo na vivenda sita na Avda. dos Ánxeles nº 34-b – Os Ánxeles. As placas, segundo a memoria técnica asinada polo enxeñeiro técnico industrial Juan Méndez Legua en data 14.05.2024, instaláranse sobre a cuberta da vivenda, de xeito coplanario ao faldón sur da mesma, e sustentándose o conxunto sobre subestrutura apoiada na cuberta.

A vivenda (referencia catastral 6546335NH2464N0000JS) onde se pretenden executar as obras emprázase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 147,91 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 212,48 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCO STRAMAGLIA, na que comunica que vai realizar obras de limpeza, selado de gretas e pintado de fachadas na vivenda sita na Urbanización Monte Devesa nº 43 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 6246144NH2464N0001LD) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3)

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 85,00 euros.

Total: 85,00 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUELA LIÑARES ARMESTO, na que comunica que vai pintar as fachadas da vivenda sita en Gundín nº 14 – Os Ánxeles.

A edificación (referencia catastral 5241104NH2454S0001TJ) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas deben quedar pintadas en tons preferentemente claros, segundo o establecido no artigo 91 da Lei do Solo de Galicia.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 85,60 euros.

Total: 85,60 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA JESÚS VÁZQUEZ BARCA, na que comunica que vai pintar nunha cor similar a existente, as fachadas da vivenda sita en Aguiar nº 20 – Brión.

A edificación (referencia catastral 6367921NH2466N0001AQ) na que se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural consolidado pola edificación da zona leste, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As fachadas deben quedar pintadas dentro dos tons recollidos na gama da guía de cores e materiais de Galicia.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,00 euros.
- Total: 67,00 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA JOSEFA DO PAZO OUBIÑA, na que comunica que vai arranxar a cuberta da vivenda sita na Urbanización Monte Devesa 25 - Os Ánxeles, substituíndo a tella vella existente por tella nova das mesmas características.

A edificación (referencia catastral 6246157NH2464N0001JD) está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado como urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- .- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 130,00 euros.
 - .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 194,57 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS FIUZA OTERO, na que comunica que vai construír un peche no linde oeste da parcela sita no lugar de Cabanas nº 16 - Os Ánxeles. O peche que está en contacto coa vía pública, terá unha lonxitude aproximada de 35 ml. e farase en fabrica de bloque de formigón revestido e pintado, ata unha altura de 1.20 m., e postes de formigón intercalados, coroado con arameira ata altura total de 1,50 metros sobre a rasante natural do terreo.

A parcela (referencia catastral15013A04201480000UO) na que se pretenden executar as obras atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo rústico de protección agropecuaria (RC).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do camiño e a altura do mesmo deberá axustarse, postes incluídos, á rasante natural do terreo sobre o que se implanta.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,55 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,12 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA NIEVES MOSQUERA RODRÍGUEZ, na que comunica que vai reconstruír parte dun peche de parcela existente, que afecta ao linde sur da mesma na Avda. Santa Minia 15, Pedrouzos - Brión. A parte do peche a reconstruír terá unha lonxitude de aproximada de 15 ml., executarase en fabrica de bloque de formigón, revestido e pintado ata unha altura de 1.20 m.

A parcela (referencia catastral 6255701NH2465N0001QU) onde se pretende executar a obra emprazase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza núm. 1 do PXOM (UC1)

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,34 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 72,91 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DARÍO CARLOS LÓPEZ FRANCISCO, na que comunica que vai instalar unha porta de aluminio no muro de peche existente, que delimita a terraza traseira da vivenda sita na Urbanización Monte Balado nº 39 baixo B – Os Ánxeles, e que se comunica coa zona libre da urbanización.

A edificación (referencia catastral 6449502NH2464N0011QB) onde se pretende executar a obra emprázase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza UC-3 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 3,60 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 68,17 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por FLORA GONZÁLEZ MIRAZO, na que comunica que vai facer obras para mellorar a accesibilidade da vivenda sita no lugar de Chave de Carballo nº 4 – Bastavales. As obras, segundo proxecto asinado polos arquitectos Luciano González Domínguez e Miguel Estévez Gómez en data de 18.04.2024, consisten en facer unha soleira no espazo entre a entrada da parcela e a fronte da vivenda, e de xeito parcial sobre o lateral sur da mesma, a fin de mellorar o acceso de vehículos e peonil. A soleira terá unha superficie total de 62,30 m²., e un espesor variable: 10-15 cm.

A parcela (referencia catastral 9117706NH2491N0001OB) atópase dentro dun ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza NRL-1 para as áreas consolidadas pola edificación

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 86,77 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 151,34 euros.

j) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN ARCA ANTELO, na que comunica que vai cubrir a terraza dunha edificación auxiliar de 35 m². anexa a vivenda sita no lugar de A Igrexa nº 1 – Bastavales. As obras consisten en montar unha cuberta a unha auga, conformada con pranchas de fibrocemento apoiadas sobre viguetas de formigón e tella cerámica curva por enriba.

A parcela (referencia catastral 7017730NH2471N0001AS), onde se pretenden executar as obras está emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderá exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,57 euros

TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico

á vivenda sita no lugar do Lamiño 68, Brión, abrindo unha gabia de 1 metro de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 23.04.2024.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 66639A6NH2466S0000JM) aséntase sobre un ámbito de solo urbano consolidado, conforme a ordenación do PXOM vixente, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do mesmo: UC-2, e situase na aldea de Lamiño que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coas claves: BE3 e BE6, e en base ao artigo 44, apartado 2 da Lei 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 61,11 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,22 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,79 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico á vivenda sita no lugar do Lamiño 58, Brión, abrindo unha gabia de 2 metros de lonxitude sobre un vial municipal, segundo proxecto asinado pola graduada en enxeñería eléctrica Carlota Martínez Rúa en data 30.10.2023.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 6761703NH2466S0001JO) aséntase sobre un ámbito de solo urbano consolidado, conforme a ordenación do PXOM vixente, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do mesmo: UC-2 e situase na aldea de Lamiño que que está integrada dentro do catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coas claves: BE3 e BE6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 29.04.2024 (expediente 3250/23) e do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 46,15 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 9,23 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 73,80 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar as seguintes obras en Sabaxáns s/n – Bastavales, segundo proxecto asinado pola enxeñeira técnica industrial Susana Casais Pérez en data 21.12.2023:

- Unha liña eléctrica soterrada de baixa tensión (70 metros) con inicio en PAS sobre apoio existente HV-500/9 e remate en PAS sobre apoio existente HV-630/11.
- Unha liña soterrada de baixa tensión (85 metros) con inicio en PAS sobre apoio existente HV-400/11 e remate en CPM do solicitante a instalar no límite da parcela coa vía pública.
- Acometidas de baixa tensión (18 metros) con inicio en derivación BT sobre a liña proxectada XZ11 0,6/1 Kv 4X(1*240) rematando nas CPMS do solicitante a instalar no límite da parcela coa vía pública.
- Unha liña eléctrica aérea de baixa tensión (22 metros) con inicio en CTE existente e remate en apoio existente HV-500/9.
- Liña aérea de baixa tensión (34 metros) con inicio en apoio existente HV-630-11 e remate en apoio existente HV-400-11.

A parcela sobre a que se actúa (referencia catastral 8017614NH2471N0001XS) aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC-1), e atópase dentro do entorno de afección de Nedgia, S.A. por gaseoducto e da estrada AC-300 (P.Q 3+980).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de data 22.04.2024 (expediente nº IF204A/AC/2023/1554), da conformidade ao proxecto da entidade Nedgia S.A., de data 12.01.2024 (expediente: N-STG-20240001), e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario por importe de 2.233,50 €, que se imputará ao aval global número 0049-1600-41-2110110292, emitido por Banco Santander, S.A. e presentado no Concello o 07.05.2021, r.e. 2021000000128.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 446,70 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 511,27 euros.

d) Deuse conta dunha instancia asinada por ÁNGEL VÁZQUEZ GARCÍA, na que solicita licenza para arranxar unha canalización de auga privada que cruza un vial municipal e da subministro a vivenda de Caxusa nº 5 – Bastavales.

A edificación (referencia catastral 8308416NH2480N0001QX) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste (ordenanza nº 8/PXOM: NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá darse conta á Policía Local, cunha antelación mínima de 1 semana, aos efectos de coordinar as posibles incidencias sobre o tráfico na zona.
- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 6,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 70,57 euros.

CUARTO.- COMUNICACIÓN PREVIAS PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SAMANTHA MARÍA PAJARES GÜETO na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Liñares 63 – Brión.

Con data 05.07.2022 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a SAMANTHA MARÍA PAJARES GÜETO e DAVID NOYA SUÁREZ, para construír unha vivenda unifamiliar en Liñares 63 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 27.06.2022 (expte. núm. 2202828).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Beatriz Abel Pazos, con data 04.12.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 05.01.2024, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por JOSEFA ROSA TAJES RAMA na que comunica a primeira ocupación dunha vivenda unifamiliar situada en Brans de Abaixo 35 – Brión.

Con data 08.06.2021 a Xunta de Goberno Local concedeulle licenza a JOSEFA ROSA TAJES RAMA e ALBERTO LAGO FERNÁNDEZ, para construír unha vivenda unifamiliar en Brans de Abaixo 35, Brión segundo proxecto básico e de execución asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.03.2021 e documentación complementaria visada o 30.04.2021(Expte núm. 2101082).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de obra asinado pola arquitecta Susana Dosil Núñez con data 06.09.2023, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 08.09.2023, acorda por unanimidade:

1º) Tomar coñecemento e autorizar a primeira ocupación comunicada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa pola comunicación previa de primeira ocupación: 64,57 euros.

Total: 64,57euros.

QUINTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María del Rial Lourido Priegue, que di actuar en representación de JUAN ANTONIO VELEZ SILVA, solicitando licenza para a construción dun muro de contención en Lamiño 68 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco.Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.04.2024 (expte.2401637).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 66639A6NH2466N0001KQ) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- . A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Fco. Javier Fernández Echeverría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 02.04.2024 (expte.2401637).

- . Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- . Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

- . Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- . Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- . Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- . Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- . Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 198,43 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 294,46 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Pérez Lousame, que di actuar en representación de MARÍA ISABEL MARTÍNEZ RAMOS e MODESTO SANTIAGO

ESPASANDÍN CASTRO, solicitando licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Lamiño nº 69 – Brión, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Pérez Lousame visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 08.05.2024 (expte. 2303893).

A parcela onde se van executar as obras (referencias catastrais 6663711NH2466S0000PI e 6663701NH2466S0001JO, agrupación asinada polo notario Manuel Remuñan López con data 16.01.2024) emprázanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra axustarase estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Carlos Pérez Lousame visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia con data 08.05.2024 (expte. 2303893).
- Como garantía da urbanización do espazo de cesión ao Concello dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento (69,21 m². asinados en documento administrativo de cesión), que implica a pavimentación do espazo de cesión en todo o fronte da parcela (soleira de formigón de cor, a recollida de pluviais con tubo de sección 40 cm. e a canalización do alumeado público), deberán aportar aos efectos aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €, que os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- A obtención da licenza para a construción da vivenda unifamiliar non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. Os propietarios están obrigados a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación aos interesados do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de: 69,21 m². destinados a viais fora das aliñacións

establecidas no planeamento, previstos no artigo 20.a) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 16 de maio de 2024.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 4.199,96 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 329,88 euros.

Total: 4.529,84 euros.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Francisco Nieto Pais, que di actuar en representación de ALEJANDRO FORJÁN TOMÉ, solicitando licenza para ampliación dunha explotación de gando vacún de carne en A Igrexa – Ons, segundo o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrícola Jesús Francisco Nieto Pais, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia con data 05.04.2024 (expte. E202400036).

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 1789813NH2418N0001FG) emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra axustarase estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro agrícola Jesús Francisco Nieto Pais, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia con data 05.04.2024 (expte. E202400036).

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Cando o facultativo director dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo director da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

-. Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

-. Nas obras maiores será necesaria a colocación do cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga consta-lo nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza, número de expediente e prazo de execución das obras.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza

-. Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispor da documentación que acredite que os residuos

de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para a ampliación da actividade, segundo o previsto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.126,69 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.222,72 euros.

d) Deuse conta dunha instancia presentada por José Antonio González Dacal, que di actuar en representación de NOCECA SERVIS S.L.U., solicitando segundo modificado da licenza concedida para a construción de vivenda unifamiliar en fase de execución, sita no lugar de Lamiño nº 57, Brión, segundo o proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Aurelio Outeiriño Fernández e Alberto De Paula Prieto, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 18.08.2023 (expte. 2304400), e documentación complementaria visada en data 11.10.2023 e 08.05.2024.

Antecedentes:

1. En data 11 de maio de 2006 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a BALDOMERO FARIÑA S.L., para a construción de sete vivendas unifamiliares e obras necesarias de urbanización, sendo a núm. 7 a que se corresponde coa solicitude de modificación presentado.

2. En data 3 de abril de 2007 a Xunta de Goberno Local autoriza o cambio de titularidade da licenza anterior a favor de VIVENDAS PIÑEIRAL, S.L.U.

3. En data 20 de xaneiro de 2009 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza a VIVENDAS PIÑEIRAL, S.L.U., de reforma dunha vivenda unifamiliar (a n.º 7 da licenza outorgada o 11 de maio de 2006).

4. En data 1 de agosto de 2023 a Xunta de Goberno Local autoriza o cambio de titularidade da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro de 2009, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, poñendo como titular da licenza de obra a NOCECA SERVIS SLU, con CIF: ***3287**, que queda subrogado en todos os dereitos e obrigas derivados deste expediente.

A parcela onde se van executar as obras (referencia catastral 6761702NH2466S0001IO) atópase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2, e sitúase na aldea de Lamiño que está integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, clave BE3-BE6.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 19.04.2024 (expte. 3203/23), e dos informes favorables emitidos polo arquitecto municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza de modificación da licenza de obras outorgada pola Xunta de Goberno Local en data 20 de xaneiro de 2009, que afecta á vivenda unifamiliar núm. 7, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Aurelio Outeiriño Fernández e Alberto De Paula Prieto, visado polo Colexio oficial de arquitectos de Galicia o 18.08.2023 (expte. 2304400), e á documentación complementaria visada en data 11.10.2023 e 08.05.2024., e ás condicións impostas na autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do 19.04.2024 (expte. 3203/23).

- A os efectos de garantir a execución das conexións coas redes de servizo existentes no núcleo, os interesados deberán presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística aval ou fianza en metálico por un importe de 900,00 €.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director de obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folha de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía ordenará a inmediata suspensión da obra.
- Será requisito indispensable dispor a pé da obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e número de expediente.
- Segundo o artigo 145 da Lei 2/2016 do solo de Galicia, o prazo de iniciación das obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, contados desde o día seguinte ao da notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser superior ó inicialmente acordado.
- Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.
- Darase cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008 polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigacións do produtor de residuos de construción e demolición: Dispor da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá presentar a correspondente comunicación previa de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 146.1. f) e g) da Lei 2/2016, do solo de Galicia).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 2.181,93 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 2.277,96 euros.

SIXTO.- VAOS PERMANENTES.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANA GARCÍA RIEIRO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao permanente para o servizo de acceso á vivenda sita na Avda. de Noia 34-A, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 10.05.2024, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

b) Deuse conta dunha instancia presentada por ELENA GARCÍA-NORRO GRANJA, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vao permanente para o servizo de acceso a vivenda sita na Avd. de Noia 34-B, Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local en data 10.05.2024, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vao permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SÉTIMO.- RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE PARA DECLARAR A INEFICACIA DUNHA COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE ACTIVIDADE.

Visto o expediente que se está a tramitar para a declaración de ineficacia da comunicación previa presentada por Comercial Rivas, S.L., de inicio de actividade sobre unha nave existente destinada a fabricación de tubos de formigón, para destinala á fabricación de materiais de construción en formigón, cemento, xeso, escaiolas e outros, emprazada no lugar de Soigrex, Os Ánxeles, iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do 26.03.2024, vistas as alegacións presentadas polo interesado no prazo de audiencia, e visto o informe emitido polo arquitecto municipal, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Desestimar as alegacións presentadas por Jaime Ramos Vilariño, en representación de Comercial Rivas, S.L., en base aos argumentos que figuran no informe técnico municipal do que se dará traslado ao interesado para un mellor coñecemento da cuestión prantexada.

2º) Declarar a ineficacia da comunicación previa presentada por Jaime Ramos Vilariño, en representación de Comercial Rivas, S.L., de inicio de actividade sobre unha nave existente destinada a fabricación de tubos de formigón, para destinala á fabricación de materiais de construción en formigón, cemento, xeso, escaiolas e outros, emprazada no lugar de Soigrex, Os Ánxeles.

3º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos, anexando o informe técnico referenciado.

OITAVO.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

Pablo Lago Sanmartín

O secretario

Javier Nieves González